

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de Yolanda Díaz Pérez e Ramón Vázquez Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **proposición non de Lei para o seu debate Plenario**, relativa a creación dun novo xulgado de instrución en Lugo.

Exposición de motivos

A carga de traballo dos xulgados lucenses vén reclamando a creación dun novo xulgado de instrución, o cuarto, para aliviar a actual sobrecarga de asuntos, que padece esta xurisdición.

A separación xurisdicional operada no 2007 nos entón xulgados mixtos non amañou a situación. Na actualidade os 3 xulgados de instrución entran en garda cada dúas semanas coas consecuencias de parálise que se derivan para os restantes procedementos en curso durante esa semana de garda.

Xulgados de instrución que ademáis aínda arrastran os procedementos de execución civís; xulgados, que como no caso do número 3, realiza as tarefas propias do xulgado de violencia de xénero; xulgados que como o primeiro ten a sobrecarga de operación contra a trama de corrupción político-empresarial que supón unha enorme sobrecarga de traballo en forma de numerosas declaración e probas documentais; xulgados que acumulan un número de asuntos crecente.

Os reforzos e apoios dos que dispoñen os xulgados 2 e 3 de instrución evidencian pola súa duración que nos atopamos diante dun déficit de carácter estrutural, que o que require é a creación dun novo xulgado de instrución.

Cómpre lembrar que na Memoria dos xulgados e tribunais de Galicia formúlase a demanda de aprobación do xuíz de reforzo para facilitar a conclusión das dilixencias pendentes nos xulgados de instrución 1 e 2 de Lugo. Máis cando hai pouco a Xunta tentou atrancar aínda máis a situación de saturación do número 1.

Vala subliñar algúns datos significativos dos atrancos que sofre a administración pública de xustiza na provincia de Lugo: 19.375 asuntos pendentes de resolver na suma das xurisdicións como se desprende dos datos da devandita Memoria. Particularmente elevada é a saturación do xulgado de instrucción primeiro, que sufriu nestas semanas a interesada tentativa da Xunta de reducir o seu equipo de traballo.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a realizar as xestións oportunas conducentes a conseguir a creación dun cuarto xulgado de instrucción en Lugo.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a demandar diante das autoridades competentes o cumprimento das demandas recollidas na Memoria dos xulgados e tribunais de Galicia do 2013, en particular as referidas a Lugo.

En Compostela, a 5 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 05/03/2015 14:41:41

Ramón Vázquez Díaz na data 05/03/2015 14:41:47